



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Medio Ambiente

Aprobada a convocatoria de reparto de composteiros domésticos para o ano 2026

ANUNCIO

A Concelleira delegada de Medio Ambiente, de acordo coa delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2024 (BOP núm. 129 do 5 xullo), adoptou o pasado 28 de xullo de 2026 o seguinte acordo:

1.- Aprobar a convocatoria para o reparto dos composteiros domésticos para o ano 2026, financiados con Fondos Europeos (60%) e con fondos propios da Xunta de Galicia (40%) ao abeiro da subvención concedida en data 29.06.2026 e, conforme ao documento que se anexa, con código de documento 5411AI09IX, no que se recollen as devanditas bases da convocatoria.

2.- Publicar o anuncio das bases da devandita convocatoria no BOP, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Coruña, 17 de agosto de 2026

A Xefa do Servizo de Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves

BASES DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE COMPOSTEIROS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DA CORUÑA

1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a adxudicación de 80 composteiros domésticos de 300 litros con aireador E termómetro entre a veciñanza do Concello da Coruña, co fin de promover a separación en orixe dos biorresiduos xerados nos fogares e fomentar prácticas sostibles de xestión dos residuos orgánicos mediante a compostaxe doméstica, durante un período mínimo de cinco (5) anos dende a entrega.

Esta iniciativa forma parte das actuacións municipais dirixidas á prevención na xeración de residuos e á mellora da súa valorización, contribuíndo á economía circular, á redución da fracción resto e á sensibilización ambiental da cidadanía.

Os principais obxectivos do programa son os seguintes:

- Promover a compostaxe doméstica como sistema de tratamento dos biorresiduos xerados nos fogares.
- Reducir a cantidade de residuos orgánicos depositados nos colectores municipais.
- Favorecer a obtención de compost para o seu aproveitamento en hortas, xardíns e outros espazos verdes particulares.
- Fomentar hábitos sostibles e ambientalmente responsables entre a cidadanía.
- Incrementar a participación da veciñanza nas políticas municipais de prevención e xestión de residuos.
- Impulsar a educación ambiental e o coñecemento práctico da economía circular.

2.- Persoas beneficiarias

A.- Poderán concorrer ao presente procedemento as persoas físicas que cumpran os requisitos sinalados no apartado 3.

Só poderá presentar a solicitude unha das persoas integrantes da unidade familiar, o que será obxecto de comprobación de oficio a través do Padrón Municipal.

Inclúense neste apartado as persoas físicas que resultaron adxudicatarias dun horno urbano na última convocatoria do ano 2026 e, polo tanto, dispoñen dun pequeno horto no cal poder instalar o composteiro. Neste caso, como a cesión dos hortos é por un prazo máximo de catro (4) anos, deberán sinalar na súa solicitude se dispoñen ou non dun espazo adecuado para o emprego do composteiro unha vez finalizado o prazo de catro (4) anos, procedendo, no seu caso, á súa devolución finalizado este período.

B.- Tamén poderán concorrer ao presente procedemento os centros de ensino que teñan o seu emprazamento no termo municipal da Coruña e as asociacións sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña, que acrediten o seu carácter social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental e que dispoñan dun espazo ou un terreo con xardín ou horta no termo municipal do Concello da Coruña.

Estes requisitos deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación das solicitudes, e manterse durante todo o período de duración a que se refire a seguinte cláusula.

O uso do composteiro será persoal e intransferible. O órgano municipal competente poderá revogar e deixar sen vixencia a cesión do composteiro, se a persoa usuaria ou o ente incumpe de forma sobrevida os requisitos sinalados neste artigo, ou se se dá algunha outra das circunstancias que as normas desta convocatoria prevexan como causa de revogación, debendo devolver o composteiro facilitado.

3.- Requisitos das persoas solicitantes

3.1.- Persoas físicas

- Ser maior de idade
- Estar empadroadas no Concello da Coruña.
- Dispoñer dun terreo, xardín, horta ou espazo adecuado para a instalación e uso dun composteiro doméstico e para a empregar o compost obtido. Este espazo deberá cumprir os seguintes requisitos:
 - o Estar dentro do termo municipal da Coruña
 - o Deberá identificarse, mediante referencia catastral e/ou dirección postal na súa solicitude (ver Anexo I e II).
- Comprometerse, mediante declaración responsable, a facer un uso correcto do composteiro e a participar nas actuacións de seguimento e asesoramento que poida realizar o concello.
- No suposto de ser adxudicatarios/as na última convocatoria realizada por este concello dun horto urbano no que se pretende instalar o composteiro, as persoas solicitantes deberán indicalo expresamente. Así mesmo, e conforme ao punto 2 desta convocatoria, deberán indicar se dispoñen ou non dun espazo adecuado para o emprego do composteiro unha vez finalizado o prazo de catro (4) anos (ver Anexo I).

3.2.- Centros de ensino e asociacións sen ánimo de lucro

- Dispoñer dun terreo, xardín, horta ou espazo adecuado para a instalación e uso dun composteiro doméstico e para a empregar o compost obtido. Este espazo deberá cumprir os seguintes requisitos:
 - o Estar dentro do termo municipal da Coruña
 - o Deberá identificarse a referencia catastral na solicitude.
- Comprometerse, mediante declaración responsable, a facer un uso correcto do composteiro e a participar nas actuacións de seguimento e asesoramento que poida realizar o concello.

Os requisitos deberán cumprirse no momento da presentación da solicitude e mantelos durante un período mínimo de cinco (5) anos dende a entrega, coa puntualización recollida no punto 2 desta convocatoria para as persoas adxudicatarias dos hortos urbanos.

4.- Duración e devolución

Os composteiros entréganse para ser utilizados un mínimo de 5 anos de conformidade coa lexislación vixente en materia de subvencións.

Este prazo empezará a computar a partir do día seguinte ao da entrega dos composteiros.

Os composteiros deberán empregarse exclusivamente para a compostaxe doméstica dos residuos orgánicos xerados no ámbito familiar. No suposto dun uso indebido, o concello poderá proceder á súa retirada e posterior adxudicación antes de finalizar o prazo de cinco (5) anos.

A partir do quinto ano considerarse que os bens entregados están amortizados e nun estado de deterioro, tralo seu uso, que non fai posible a súa recuperación, entendendo esgotado o seu aproveitamento.

Sen prexuízo do anterior, os composteiros poderán devolverse ou, se for o caso, poderase requirir a súa devolución, sen dereito a indemnización e dentro do prazo dos cinco (5) anos sinalados, no caso de que se deixen de cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria.

5.- Requisitos das solicitudes

Cada persoa física, centro educativo ou asociación sen ánimo de lucro, poderá realizar unha única solicitude, tendo en conta que, no caso das persoas físicas limítase a súa adxudicación a un máximo dun composteiro por unidade familiar.

No caso dos centros educativos, poderase asignar máis dun composteiro, de houber dispoñibilidade, cando acrediten que dispoñen de espazo suficiente e adecuado para a súa instalación e utilización.

As solicitudes presentaranse mediante o modelo normalizado habilitado para tal fin que se achega no Anexo I e, no seu caso, no Anexo II. A documentación que deberá presentarse en cada caso, será a seguinte:

5.1.- Persoas físicas:

- Solicitude/Declaración responsable debidamente cumprimentada segundo o modelo que figura como Anexo I, de acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Copia do DNI, NIE ou documento identificativo equivalente da persoa solicitante.
- No caso das persoas adxudicatarias dos hortos urbanos, deberán sinalar expresamente que se atopan dentro deste grupo -para a comprobación de oficio por parte do concello- e se dispoñen ou non dun espazo adecuado para o emprego do composteiro unha vez finalizado o prazo de catro (4) anos (ver anexo I).

5.1.- Centros de ensino e asociación sen ánimo de lucro:

- Solicitude/Declaración responsable debidamente cumprimentada segundo o modelo que figura como Anexo II.
- Copia dos estatutos da entidade, no caso de asociacións sen ánimo de lucro.

Terase en conta para determinar a sede social da entidade o domicilio que figure nos seus estatutos. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente. En todo caso, entenderase cumprido este requisito cando a entidade solicitante estea inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas. No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante o contrato ou o documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderase acoller ao establecido no artigo 53.1, letra d, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa solicitante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

A sinatura da solicitude (Anexo I e Anexo II) supón a autorización expresa ao concello para a comprobación de oficio dos requisitos dos que se dispoña, podendo no seu caso, requirírselles a documentación complementaria que se considerase necesaria. Sen prexuízo do anterior, o concello poderá requirir en calquera momento a documentación complementaria que considere necesaria para resolver o procedemento.

6.- Prazo de presentación das solicitudes

As persoas e entidades interesadas que cumpran as esixencias previstas na convocatoria poderán presentar a solicitude e a documentación complementaria no rexistro xeral do Concello da Coruña ou a través de calquera das outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes poderanse presentar a través da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es>.

A solicitude irá dirixida ao Servizo de Medio Ambiente do Concello da Coruña, que instruirá o procedemento.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles, comezando a contar dende o día seguinte ao de publicación do anuncio desta convocatoria no BOP.

No caso de que coas solicitudes presentadas non se cubran as 80 unidades previstas, poderase abrir un novo prazo de presentación, coas mesmas condicións e características que se recollen nesta convocatoria.

Así mesmo, a convocatoria publicarase nos seguintes enlaces, sen prexuízo doutros medios que se consideren adecuados para facilitar a súa divulgación:

- www.coruna.gal/medioambiente
- <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

7.- Instrución e resolución do procedemento de adxudicación

Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, e no caso de que se observen defectos ou omisións na documentación presentada, publicarase o correspondente requirimento na páxina web municipal www.coruna.gal/medioambiente e nos restantes medios que se considere preciso para os efectos de que as persoas interesadas poidan emendar a documentación requirida no prazo máximo de 10 días hábiles. O anterior, sen prexuízo de que durante a instrución do procedemento o concello poida requirir a achega de cantos datos, documentos complementarios ou aclaracións resulten necesarias para tramitar e resolver o procedemento.

Cando transcorra o prazo de 10 días sen que se emenden a solicitude nos termos indicados polo concello, considerárase que a persoa ou entidade interesada desiste da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de emenda e, tan só para os efectos de prelación para as adxudicacións, terase en conta a data da presentación solicitude inicial.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos e a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada serán causas de exclusión da solicitude presentada.

Os composteiros asignaranse, por rigorosa orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello da Coruña e sempre que cumpran cos requisitos recollidos nesta convocatoria, tendo en conta as seguintes instrucións:

- Inicialmente, reservaranse 30 unidades para os centros educativos e asociacións sen ánimo de lucro, e as restantes 50 unidades, para as persoas físicas.
- A orde de adxudicación das unidades indicadas é a seguinte:
 1. Os centros de ensino e as asociacións sen ánimo de lucro.
 2. As persoas físicas que dispoñan dun terreo adecuado diferente aos hortos urbanos adxudicados polo concello na última convocatoria pública. Entregarase un composteiro por unidade familiar.
 3. As persoas físicas adxudicatarias dun horto urbano no Concello da Coruña, onde se instalará o composteiro solicitado.
- Polo tanto, en primeiro lugar, asignaranse os trinta (30) primeiros composteiros aos centros de ensino e as asociacións sen ánimo de lucro, por orde de presentación, e en segundo lugar, procederase ao reparto do resto de composteiros (50) ás persoas físicas, por orde de presentación e tendo en conta o sinalado no punto anterior.
- No caso de que non quedaran repartidos todos os composteiros, -tanto os reservados aos centros e asociacións como os reservados para persoas físicas- repartiranse entre os/as restantes solicitantes, mantendo a mesma rigorosa orde de entrada.

No caso de que non se observen defectos ou omisións na documentación presentada ou, se for o caso, unha vez emendados, publicarase a resolución de asignación dos composteiros no sitio web www.coruna.gal/medioambiente e no taboleiro de anuncios municipal, así coma a través dos medios que se consideren adecuados para facilitar a súa divulgación.

Na resolución de adxudicación indicárase a data e o lugar no que se producirá a entrega dos composteiros, así como toda a información que se estime necesaria para a súa recollida.

8.- Listaxe de reserva

Unha vez esgotados os composteiros dispoñibles, elaborárase unha listaxe de reserva composta polas persoas e entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

As vacantes que poidan producirse por renuncia, desistimento, perda do dereito ou calquera outra causa cubriranse seguindo a orde da citada lista.

9.- Réxime económico e publicidade do cofinanciamento

A entrega dos composteiros terá carácter gratuíto para as persoas beneficiarias.

Os gastos derivados do uso ordinario, conservación e mantemento do composteiro serán por conta das persoas adxudicatarias, dende o momento da entrega ata o fin do seu aproveitamento.

A adquisición dos composteiros realizouse coa financiación dos Fondos Europeos e da Xunta de Galicia, polo que cada un dos bens levará un vinilo adherido no que se sinala a cofinanciación. As persoas adxudicatarias deberán manter, en todo momento, a devandita publicidade en cada un dos elementos cedidos, o que poderá ser obxecto de comprobación nas visitas de seguimento.

10.- Dereitos e deberes do concello

O Concello da Coruña, disporá das seguintes obrigas e deberes:

- Facilitar os composteiros ás persoas e entidades adxudicatarias.
- Proporcionar información básica para o seu uso correcto.
- Realizar actuacións de asesoramento, información e seguimento.
- Comprobar o cumprimento das condicións establecidas nestas bases a través de visitas, requirimentos, toma e análise de mostras, etc.
- Resolver as dúbidas e todas as incidencias que poidan xurdir.
- Realizar visitas de seguimento a través de persoal funcionario ou a través de persoal contratado polo concello, cunha previsión mínima de 2 visitas obrigatorias durante o primeiro ano dende a entrega.
- O concello resérvase a potestade de comprobar, en calquera momento, que se compren cos requisitos sinalados na convocatoria durante os 5 anos seguintes á entrega e, en especial, durante o primeiro ano.

11.- Dereitos e obrigas das persoas, centros e asociacións adxudicatarias

11.1.- Obrigas das persoas, centros educativos e asociacións adxudicatarias:

Son de obrigado cumprimento para as persoas, centros e asociacións adxudicatarias, as seguintes:

- Dispoñer dun xardín, horta ou espazo adecuado no termo municipal do Concello da Coruña, permitindo o seu acceso conforme ás obrigas sinaladas nesta convocatoria.
- Utilizar o composteiro para a produción de compost a partir de residuos orgánicos domésticos.
- Manter a publicidade existente nos composteiros, indicativa da financiación con fondos europeos e da Xunta de Galicia.
- No caso dos centros educativos e das asociacións sen ánimo de lucro que resulten adxudicatarias, deberán permitir a instalación dunha placa permanente, nun lugar visible (preferiblemente as entradas aos recintos), indicativa da cesión dos composteiros e a da cofinanciación con fondos Europeos e a Xunta de Galicia.
- Manter o composteiro ou composteiros en boas condicións de uso e funcionamento.
- Recibir información, participar e asistir no seu caso, ás xornadas formativas que organice o concello.
- Facilitar as tarefas de seguimento que se programen polo concello.
- Participar nas enquisas ou sondaxes que se soliciten por parte do concello, a través de persoal funcionario ou ben de terceiros contratados por este.
- Comunicar ao concello calquera incidencia relevante.
- Empregar o composteiro no lugar, terreo e horta sinalado na solicitude.
- Manter o uso efectivo e operativo do composteiro durante un período mínimo de cinco (5) anos dende a súa entrega.

Todas estas obrigas son indelegables, tendo que ser cumpridas pola persoa ou entidade titular do composteiro. En particular, as tarefas de seguimento e as visitas realizaranse coa súa asistencia.

11.2.- Dereito a renuncia e ao cambio de localización do composteiro:

As persoas, centros educativos e asociacións que resulten adxudicatarias poderán modificar, previamente autorizados polo concello, o lugar de instalación do composteiro durante o prazo dos cinco (5) anos previstos nesta convocatoria, sempre e cando se manteñan os requisitos recollidos na convocatoria.

Neste suposto, a persoa titular do composteiro deberá presentar unha solicitude ante o concello a través de calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas na que indique o novo emprazamento e os motivos do cambio solicitado. O concello notificara ás persoas interesadas a resolución coa aceptación ou a denegación do cambio solicitado no prazo máximo de tres meses.

Non solicitar a autorización para o cambio de localización do composteiro implica a perda e a devolución deste ao concello, de conformidade co punto 12 destas bases.

As persoas, os centros educativos e as asociacións sen ánimo de lucro adxudicatarias poderán renunciar en calquera momento ao composteiro mediante unha comunicación dirixida ao Concello, a través de calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.- Prohibicións e causas de devolución do composteiro

As persoas, centros educativos e asociacións que resulten adxudicatarias non poderán, en ningún caso:

- Destinar o composteiro a usos distintos dos previstos nesta convocatoria.
- Vender ou ceder o composteiro a terceiras persoas.
- Utilizar o composteiro nunha localización distinta da sinalada na súa solicitude, sen a previa autorización por parte do concello.
- Depositar residuos incompatibles coa compostaxe.
- Impedir ou obstaculizar as actuacións de seguimento, formación e outras análogas requiridas polo concello.
- Danar ou inutilizar o composteiro cedido.

13.- Consecuencias dos incumprimentos

O incumprimento das obrigas sinaladas no punto 11 destas bases, e o cumprimento dalgunha das prohibicións sinaladas no punto anterior, poderán comportar unha penalización valorada no importe máximo do custo do ben no momento da cesión -sempre que o composteiro non poida volver a ser obxecto de adxudicación- mentres que, nos restantes casos, implicará a devolución do devandito composteiro.

Esta penalización imporase logo do previo expediente no que, antes de ditarse resolución, se dea audiencia á persoa, centro ou asociación interesada, e sen que resulte de aplicación a normativa propia do dereito sancionador, senón as disposicións xerais do procedemento administrativo común.

14.- Protección dos datos persoais

Os datos persoais recollidos serán tratados conforme a lexislación vixente.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ponse en coñecemento que os datos persoais que se faciliten cos anexos I e II e a demais documentación que se achegue pasarán a formar parte do ficheiro, do que é o responsable do seu tratamento o Concello da Coruña, e que ten como finalidade a súa utilización para tramitar o presente procedemento de concorrência competitiva. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais deste ficheiro poderanse exercer ante o rexistro xeral do concello nos termos establecidos nos artigos 12 ao 18 da lei.

A participación neste procedemento supón consentir o tratamento e a cesión/comunicación dos datos de carácter persoal que resulten precisos para o desenvolvemento, cumprimento e control da convocatoria. Así mesmo, supón autorizar ao Concello da Coruña para solicitarlles a outras administracións públicas a información que resulte precisa.

Na Coruña, 28 de xullo de 2026

A Xunta de Goberno Local, PD. (BOP 129, do 05.07.2024)

Eudoxia María Neira Fernández

A Concelleira delegada de Medio Ambiente

ANEXO I**SOLICITUDE / DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSONAS FÍSICAS**

D./D.^a _____, con documento de identidade número _____, e domicilio situado no seguinte enderezo: _____, núm. _____, e no relativos aos datos de contacto:

- núm. de teléfono _____
- correo electrónico _____

E as notificacións desexo recibilas só por medios telemáticos: _____ (indicar SI ou NON)

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son maior de idade.
- Que estou empadroadado/a no Concello da Coruña.
- Que teño a miña disposición un terreo, xardín, horta ou espazo adecuado para a instalación e uso dun composteiro doméstico e para empregar o compost obtido. Este espazo está dentro do termo municipal do concello da Coruña, concretamente:
 - o Referencia catastral _____
 - o Enderezo postal _____
- Que son adxudicatario/a dun horto urbano (marcar cun X unha das seguintes opcións):
 - o SI. Neste suposto, sinalar o seguinte:
 - ☐ Parque no que se atopa o horto _____
 - ☐ Número de parcela adxudicada _____
 - ☐ Dispoño dun espazo adecuado para o emprego do composteiro unha vez finalizado o prazo de catro (4) anos:
 - Si
 - Non
 - o NON
- Que utilizarei o composteiro no espazo indicado nos puntos anteriores.
- Que acepto integramente as cláusulas establecidas na convocatoria para a repartición de composteiros domésticos.
- Que me comprometo a cumprir con todo o recollido na convocatoria e con especial atención ao indicado no punto 11 das bases.
- Que todos os datos e información facilitados son certos.

E SOLICITO participar na convocatoria para a adxudicación de composteiros domésticos do Concello da Coruña.

A Coruña, na data da sinatura deste documento.

Asinado:

ANEXO II**SOLICITUDE / DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA CENTROS EDUCATIVOS E ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO**

D./D.^a _____, con documento de identidade número _____, e domicilio situado no seguinte enderezo: _____, núm. _____, núm. de teléfono _____ e correo electrónico _____, actuando en representación da entidade _____ con CIF _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que a entidade á que represento ten a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña e que ten un carácter social, pedagóxico, terapéutico ou ambiental.
- Que a entidade ten á súa disposición un terreo, xardín, horta ou espazo adecuado para a instalación e uso dun composteiro doméstico e para a empregar o compost obtido. Este espazo está dentro do termo municipal do concello da Coruña, concretamente:
 - o Referencia catastral _____
 - o Enderezo postal _____
- Que a entidade é adxudicataria dun horto urbano na Coruña -só no caso de asociacións sen ánimo de lucro- (marcar cun X unha das seguintes opcións):
 - o SI. Neste suposto, sinalar o seguinte:
 - ☐ Parque no que se atopa o horto _____
 - ☐ Número de parcela adxudicada _____
 - ☐ Dispoño dun espazo adecuado para o emprego do composteiro unha vez finalizado o prazo de catro (4) anos:
 - Si
 - Non
 - o NON
- Que a entidade vai utilizar o composteiro no espazo indicado nos puntos anteriores.
- Que a entidade acepta integramente as cláusulas establecidas na convocatoria para a repartición de composteiros domésticos.
- Que se compromete a cumprir con todo o recollido na convocatoria e con especial atención ao indicado no punto 11 das bases.
- Que todos os datos e información facilitados son certos.

E SOLICITO participar na convocatoria para a adxudicación de composteiros domésticos do Concello da Coruña.

A Coruña, na data da sinatura deste documento.

Asinado:

2026/5450